



A Vida consagrada, parábola da fraternidade nun mundo ferido

Queridos irmáns e irmás:

O ano 1995 o papa Xoán Paulo II instituíu a Xornada da Vida Consagrada que cada ano celebramos o 2 de febreiro, festa da Presentación de Xesús no templo. Naquela ocasión, dicía o Papa que a Xornada quería axudar a toda a Igrexa a valorar o testemuño de quen decidiu seguir a Cristo mediante a práctica dos consellos evanxélicos e que, ademais, quería ser para as persoas consagradas unha ocasión propicia para renovar os propósitos e reavivar os sentimentos da súa entrega ao Señor.

En consonancia coa sensibilidade e o maxisterio eclesial do Papa Francisco, a XXV Xornada da Vida Consagrada ten por lema este ano “A vida consagrada, parábola de fraternidade nun mundo ferido”. Desta maneira, a Xornada quere facerse eco da especial condición magoada do noso mundo sometido a esta pandemia tan agresiva, así como da especial misión das persoas consagradas, como signo visible da proximidade do Pai para con todo ser humano.

A Xornada da Vida Consagrada deste ano temos de vivila á luz da parábola do Bo Samaritano que o papa Francisco puxo no frontispicio da mensaxe da Igrexa na súa última Encíclica, *Fratelli tutti*, como faro e horizonte para toda a familia eclesial e humana.


Convíдовos a reler, pensando na mensaxe desta Xornada, as fermosas páxinas da encíclica *Fratelli tutti* cos ollos de quen queremos soñar co Papa Francisco a realidade dun mundo fraternal. Vós, os consagrados e consagradas da nosa Diocese de Tui-Vigo, sabedes moi ben o que é loitar cada día pola dignidade da persoa humana e sabedes moi ben que vivimos no medio dun mundo ferido e coñecedes mellor que ninguén as tristezas e as angustias dos homes do noso tempo, sobre todo dos pobres e de cantos sofren.

A encíclica *Fratelli tutti* é unha fantástica chamada do Papa á Igrexa e a toda a humanidade. Hai que seguir loitando por un mundo máis fraterno, non podemos perder a esperanza no medio desta gran aventura. Pero o Papa lémbra-nos tamén que non se pode loitar a soas, illadamente. Necesítase unha comunidade que nos sosteña, que nos axude e na que nos axudemos uns a outros a seguir cara a adiante.

Celebraremos esta Xornada unidos no corazón e, na medida en que se poida, xuntarémonos para estar visiblemente unidos. É moi importante estar xuntos e sabémolo ben por tanto tempo que levamos retidos pola Covid-19.

Rezo por todos vós e síntome especialmente unido aos que nesta pandemia estades a pasar por momentos de especial dor.

Con todo o meu afecto,


+ Luis Quinteiro Fiuza
Bispo de Tui-Vigo.